

EXPEDIENTE: 2025/G010/000003

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 16/04/2025

TRÁMITE: CONVOCATORIA

DECRETO: 153/2025

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

É preciso convocar unha sesión extraordinaria a fin de aprobar a Relación de Postos de Traballo aprobada na mesa de negociación de data 21/03/2025 e o orzamento do exercicio de 2025; asemade, é preciso que o Pleno delegue o establecemento ou modificación da contía dos prezos públicos na Xunta de Goberno Local. Trátase de expedientes que non poden agardar á seguinte sesión ordinaria, que se celebrará no mes de maio.

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: mércores 16 de abril de 2025

Hora: 12:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DO ESTABLECIMENTO OU MODIFICACIÓN DA CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2025.
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles que están a súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar no Portal de Cargos Electos da Sede electrónica do Concello.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís